



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2ª ACTA DO TRIBUNAL QUE REXE O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, DE 4 POSTOS DE PEÓNS, DO CONCELLO DE LAXE, PROGRAMA PEL - CONCELLOS 2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL. Expte. Núm. 2026/E001/000002

RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN PRESENTADA E CUALIFICACIÓN FINAL DEFINITIVA

Sendo as 09:15 h do día 15 de abril de 2026, reúnense as persoas que de seguido se relacionan do Tribunal do proceso selectivo de selección para a provisión en réxime de dereito laboral temporal de CATRO (4) postos de peóns que realicen tarefas propias do posto, en todo caso as necesarias para a execución de obras e servizos mínimos municipais deste Concello de Laxe.

O tribunal asistente, está integrado polas seguintes persoas membros:

Presidenta: Xefa do negociado de intervención deste concello.

Vogais: Traballadora social deste concello.
Administrativa de intervención deste concello.

Secretaria: Xefa de negociado de secretaria deste concello.

Unha vez constituído o Tribunal e tendo o quórum necesario procédese coa análise das alegacións presentadas.

1º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES PRESENTADAS

De acordo co indicado na base 10.1 das bases de selección, con data do 10/04/2026 publicouse na sede electrónica municipal a relación de persoas candidatas por orde decrecente de puntuación obtida, coa indicación da acadada en cada unha das fases do proceso selectivo, outorgando un prazo de 1 día hábil para presentar as alegacións que estimasen oportunas no Rexistro Xeral do Concello.

Dentro deste prazo presentouse a seguinte alegación, con data do 13/04/2026 e con Rexistro de entrada núm. 20260000000371, na que solicita: *“Que se tenga por presentado este escrito de alegaciones y, previos los trámites oportunos, se proceda a la revisión de la valoración de méritos, incluyendo la experiencia profesional referida, y se le otorgue la puntuación que conforme a las bases corresponda”.*

Considerando o disposto no apartado 3b da base sexta - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: *“copia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.”*

Considerando a base décima - PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN, que no apartado B) FASE DE CONCURSO di:

“... ”

1. Experiencia profesional en traballos realizados relacionados co posto de traballo ao que se opta (puntuación máxima: 5,00 puntos):

0,10 puntos por mes por servizos prestados na empresa privada.

0,20 puntos por mes por servizos prestados na administración pública.

Estes méritos acreditarnase mediante copia dos correspondentes contratos de traballo, xunto co certificado de empresa ou informe de vida laboral; ou certificación expedida polo organismo competente que reflicte as tarefas desempeñadas ou calquera outra documentación fidedigna que permita comprobar o posto, a actividade da empresa e a duración do contrato de traballo.

“... ”

Revisada a documentación presentada pola persoa interesada compróbase que efectivamente constan os contratos de traballo pero NON achega certificado de empresa ou informe de vida laboral; ou certificación expedida polo organismo competente que reflicte as tarefas desempeñadas



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ou calquera outra documentación fidedigna que permita comprobar o posto, a actividade da empresa e a duración do contrato de traballo, tal e como se establece nas bases da convocatoria.

Dacordo co apartado 3b da base sexta - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES e co apartado B) FASE DE CONCURSO da base décima, este Tribunal acorda desestimar a alegación presentada.

2º.- CUALIFICACIÓN FINAL DEFINITIVA E RELACIÓN DE PERSOAS APROBADAS

De acordo co disposto na base 11.3 as bases de selección, a relación de persoas candidatas por orde decrecente de puntuación é a seguinte:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Total Puntuación
1	ÁLVAREZ VALIÑA ANTONIO	***6576**	17
2	MOURELLE CASTRO, LAURA	***0398**	11
3	GONZÁLEZ RIVERO, JAC	***8061**	10
4	VIDAL BOUZAS, ALEJANDRO FCO.	***6210**	8
5	LORES FANDIÑO, FRANCISCO JAVIER	***7159**	7,80
6	MOUZO POSE, JUAN MANUEL	***3322**	7,50

Ao abeiro do que dispón a base 11 das bases da convocatoria, o Tribunal por unanimidade acorda:

Primeiro. Propoñer ao sr. alcalde designar a **Antonio Álvarez Valiña, Laura Mourelle Castro, Jac González Rivero e Alejandro Francisco Vidal Bouzas**, como peóns deste Concello de Laxe, Programa PEL Concellos 2026.

Segundo. Elaborar unha lista de reserva composta por **Francisco Javier Lores Fandiño e Juan Manuel Mouzo Pose**.

Terceiro. Publicar a relación definitiva de aprobados no taboleiro de anuncios desta Corporación.

Cuarto. Elevar a presente acta ao sr. alcalde, consonte ao disposto no parágrafo tres da base undécima da convocatoria.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto sendo as 09:35 h do día sinalado, dispoñendo a sra. Presidenta que se redacte a presente acta que subscriben tódolos membros do tribunal,

A PRESIDENTA DO TRIBUNAL

OS VOGAIS

A SECRETARIA DO TRIBUNAL